



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

### ASISTENTES

**Presidente:** D. Pablo Viaño Lorenzo,  
Subdirector xeral do Patrimonio

#### **Vogais:**

Dª María del Carmen Rodríguez Mujico,  
asesora xurídica da Consellería de Facenda e  
Administración Pública

Dª Ana Rodríguez Martín, interventora  
delegada da Consellería de Facenda e  
Administración Pública

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral de  
Colocación da Consellería de Emprego e  
Igualdade

**Secretario:** D. Ignacio Mª García de los  
Huertos y Vidal, xefe do Servizo de  
Administración e Xestión Patrimonial

En Santiago de Compostela, a 22 de novembro de 2022, sendo as 11:00 horas, reúnense na sala de Xuntas do edificio administrativo de San Caetano, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para a apertura das ofertas económicas do procedemento de compra, por concurso, dun inmovible no concello de Monforte de Lemos con destino a oficina de Emprego.





Ás 11:00 horas o Presidente inicia o acto personándose para a apertura pública de ofertas ás seguintes persoas:

- Dna. Inmaculada Concepción González Acero
- D. César Díaz López

Procédese á apertura dos sobres B recibidos que conteñen as ofertas económicas das seguintes propostas admitidas na anterior reunión da mesa do día 15/11/2021:

Nome do licitador	Enderezo do inmoble	Prezo ofertado
PROMOCIONES TAIZ-FONTECHA, S. L.	Rúa Chantada, nº 2-4 Monforte de Lemos	200.000 € + IVE
J. Diti, S. L.	Rúa Roberto Baamonde, nº 129 e131 Rúa Real, nº 5 e 7 (Monforte de Lemos)	199.000 € + IVE
D. José María Ferreiro Domínguez, e outros	Rúa Doctor Casares, nº 98, baixo Rúa Zarpardiel, s/n Monforte de Lemos	185.000 € + IVE
Dna. Inmaculada Concepción González Acero e outros	Rúa Doutor Casares, nº 132 - baixo Rúa San Pedro, nº 1 – baixo (Monforte de Lemos)	200.000 € + Imposto de Transmisións Patrimoniais e AXD

Unha vez finalizado este acto a mesa continúa en sesión privada para examinar o resto da documentación obrante no sobre B das propostas admitidas.

Compróbase que todos presentan a documentación solicitada segundo se indicaba nos pregos coas seguintes peculiaridades e excepcións:

- No primeiro ofertante (PROMOCIONES TAIZ-FONTECHA SL) obsérvase unha diverxencia entre a superficie ofertada no Anexo 3 e a que consta no título de propiedade e na nota simple.
- En relación co segundo ofertante (J.DITI SL) compróbase que na escritura pública aportada se menciona que *"La parte finalizada abarca el portal de acceso al bloque de la calle Roberto Baamonde 129-131, zonas comunes necesarias, rampa para acceso de vehículos a garaje a través de la calle Real, el local B o entidad número 33 de la división horizontal, así como una parte del local A o entidad independiente número treinta y dos de la división horizontal, la cual tiene una superficie construida de setecientos metros veinte decímetros cuadrados (700,20 M<sup>2</sup>), si bien sólo se ha finalizado en la parte que originariamente se correspondía a la primera licencia abarcando en cuanto a éste último la superficie finalizada cuatrocientos setenta y cinco metros veinte decímetros cuadrados (475,20 M<sup>2</sup>). Se incorpora plano firmado por la Arquitecta Natalia Díaz cuya firma legitimo por conocerla donde diferencia la zona finalizada de la planta baja y la pendiente de finalizar"*. Non queda aclarado se hai obra nova rematada.
- No terceiro ofertante (D. José María Ferreiro Domínguez e outros) obsérvanse discrepancias entre a superficie ofertada e a que consta no Rexistro da Propiedade.





- Con respecto ao cuarto ofertante (Dna. Inmaculada Concepción González Acero e outros) obsérvase que catro persoas que constan no Rexistro da Propiedade como propietarios do inmovible, non presentan o título de propiedade como ofertantes.

Á vista do anterior, a Mesa acorda por unanimidade:

- *Solicitar informe técnico das propostas presentadas onde se deberá realizar aclaración das cuestións suscitadas.*

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 12:15 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

**O presidente**

Pablo Viaño Lorenzo

**O secretario**

Ignacio Garcia de los Huertos

**A asesora xurídica**

María del Carmen Rodríguez Mujico

**A interventora delegada**

Ana Rodríguez Martín

**O subdirector xeral de Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade**

Jesús Sanjurjo Paz

